

Programación 2º SEMESTRE 2020

Auditorio Municipal Gustavo Freire

LUGO

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN

DA LINGUA

Horario: 20.30 h.; público familiar ás 18.30 h.

18 de outubro. “FALAR POR FALAR” de Volta e Dálle Teatro

22 de outubro. “ONDE VIVEN OS MONSTROS” de Os Náufragos Teatro (familiar)

25 de outubro. “CELEBRARÉ MI MUERTE” de Joan Fernández

29 de outubro. “CASTRAPO” de Os Náufragos Teatro
1 de novembro. “PÍNCONÚS” de Pinconús (familiar)
5 de novembro. “NÓMADES” de Xarope Tulu (familiar)
6 de novembro. “LEIRA” de Nova Galega de Danza
8 de novembro. “O MELLOR DOS CATRO E.” de Pepe Vaamonde
12 de novembro. “ELECTRA” de Teatro do Chapitô
13 de novembro. “AS V. MÁIS LONGAS” de Diego M. Buceta
15 de novembro. “MAI MAI” de Baobab Teatro (familiar)
19 de novembro. “SÓ” de Xampatito Pato (familiar)
22 de novembro. “FURIA NECESARIA” de AldaoLado
26 de novembro. “SOFÍA E AS POSTSOCRÁTICAS” de Inversa Teatro
29 de novembro. “CRÓNICAS DO PARAÍSO” de Sarabela teatro
3 de decembro. “CARABELA” de Galeatro (familiar)
10 de decembro. “BERNARDA VILALBA 1975” de Malasombra Teatro

18 de outubro. “FALAR POR FALAR” de Volta e Dálle Teatro

Duración: 65 minutos

20.30 horas

Dirección

Carlos Santiago

Elenco artístico

Carlos Santiago e Víctor Mosqueira

Todo indica que o futuro da lingua galega é incerto. Malia os niveis de protección legal do idioma, e case dous séculos de rexurdimento civil e literario, o descenso de falantes é evidente, con grande incidencia nas novas xeracións de galegas e galegos. Pero alén e aquén das análises socio-lingüísticas, a lingua segue viva e reclama o seu lugar natural nas nosas vidas. Atravesada por conflitos de longa data e certamente mareada polos avatares da política, a lingua espera sempre por nós nalgún punto do camiño. Moita xente mamouna no berce, outra demorou en romper a falala e hai quen nunca a falou nin nunca a falará. Por iso "Falar por Falar" proponnos un achegamento á realidade da lingua, desde a propia vivencia dos falantes e os non falantes.

22 de outubro. “ONDE VIVEN OS MONSTROS” de Os Náufragos Teatro.

Teatro familiar

Duración: 43 minutos

18.30 horas

Dirección

Gustavo del Río

Elenco artístico

Jimmi Núñez e María Roja

ADAPTACIÓN DO COÑECIDO ALBUM ILUSTRADO DE MAURICE SENDAK NA QUE SE EXPLORAN A FANTASÍA E A REALIDADE POR PARTES IGUAIS.

***Onde viven os monstros* baséase na obra homónima de Maurice Sendak, escritor estadounidense de orixe polaca. Un fiel retrato da infancia.**

O pequeno Max pasa o día facendo trasnadas. A súa nai, cansa desta situación, decide castigalo. Enfadado, Max viaxará ao maravilloso mundo onde viven os monstros, no que vivirá aventuras extraordinarias ata converterse en rei. Unha tarefa máis difícil do que el pensaba.

Unha peza inspirada no clásico da literatura infantil, considerado o álbum ilustrado perfecto, que mestura fantasía e realidade por igual, trazando un fiel retrato da infancia.

Onde viven os monstros é un clásico vixente hoxe en día que plasma con grande expresividade os temores e desexos da nosa máis tenra infancia: os monstros que nos asexan, os nosos incomprendidos enfados, o medo ao abandono e a que os nosos pais deixen de querernos.

25 de outubro. “CELEBRARÉ MI MUERTE” de Teatro del Barrio.

Unha obra baseada en feitos reais.

Duración: 70 minutos

20.30 horas

Dirección

Alberto San Juan e Víctor Morilla

Elenco artístico

Marcos Hourmann

O 28 de marzo de 2005 a vida do cirurxián Marcos Hourmann cambiou para sempre. De madrugada, unha paciente de máis de 80 anos chegou ao servizo de urxencias do hospital onde traballaba. Sometida a un gran sufrimento físico, o prognóstico só lle daba unhas horas de esperanza de vida.

A paciente e a súa filla pedíronlle que terminara definitivamente co seu sufrimento. Marcos, saltando todo o protocolo médico, inxectoulle 50 mg de cloruro de potasio na vea. Morreu aos poucos minutos. E Hourmann fixo unha cousa que nunca fixera ninguén neste país: deixou escrito no informe o ocorrido. Poucos meses despois, Marcos recibiu unha notificación do xulgado: estaba acusado de homicidio. A familia nunca o denunciou, pero si o hospital. Por aquela decisión podía pasar ata 10 anos en prisión.

Agora o público emitirá o veredicto.

29 de outubro. “CASTRAPO” de Os Náufragos Teatro.

Duración: 75 minutos

20.30 horas

Dirección

Gustavo del Río

Elenco artístico

Denis Gómez, Victoria Teijeiro e Gustavo del Río

Daniel, escritor galego emigrado a Madrid, volve á terra logo da morte de seu pai, con quen non mantiña unha relación fluída. No camiño encóntrase con Rosa, que colle o mesmo tren que Daniel con destino á Coruña. Nesta viaxe a Galicia atópase co seu pasado e coa necesidade da procura das súas raíces. Unha viaxe á súa orixe.

Castrapo fala do que fomos e xa non somos e do que somos e xa non seremos.

1 de novembro. “PÍNCONÚS” de Pínconús.

Teatro familiar

Duración: 65 minutos

18.30 horas

Dirección

José Campanari

Elenco artístico

Ana Carreira, Carlos Coira, Marga Portomeñe e Carlos Rebolo

Pínconús (Unha comedia musical para toda a familia) Un día calquera, unha estación de tren, tres persoas que queren viaxar, unha billeteira que vén e que vai...

Estación de orixe: Aquimesmo. Destino: Pínconús, ese lugar ao que todos queren ir pero ao que moi pouca xente se atreve. Unha espera de absurdos encontros e desencontros mentres o tren está por chegar.

5 de novembro. “NÓMADES” de Xarope Tulu.

Teatro familiar

Duración: 50 minutos

18.30 horas

Dirección

Gena Baamonde

Elenco artístico

María Roja, Diego Martínez e Atenea García

Nómades é un espectáculo adicado ao público infantil e familiar onde o movemento, a música e a palabra nos convidan a viaxar por paisaxes singulares. Somos nómades, transitamos sen morada nin corpo fixo. Habitamos a beleza do diverso, esa beleza que dá cor aos outros corpos e facilita a aparición de novas tonalidades, texturas e xeitos de vivir. Onde non existe un corpo equivocado, onde é posible imaxinar as persoas en abstracto.

6 de novembro. “LEIRA” de Nova Galega de Danza

Duración: 60 minutos

20.30 horas

Dirección

Jaime Pablo Díaz

Elenco artístico

Voz e música en vivo: Rosa Cedrón; Bailaríns: Estefanía Gómez, Inéis Vieites Veiras, Iván Villar, César Louzán, Pablo Sánchez e Ricardo Fernández.

O corpo e a terra estreitan os seus lazos nun espectáculo de danza e música que nos transporta á dura beleza dos labores do campo. A muller no centro desta conexión telúrica; día e noite, xornada tras xornada repetida nunha sucesión inesgotable de estacións. O sol e a choiva, o vento xeado, crúas paisaxes de intemperie habitadas unicamente por unha coreografía humana de apeiros de labranza, de corpos que cargan e arrastran, que danzan entre os regos arados na terra. Pero *Leira* é tamén a sinxela alegría do traballo feito coas mans, coa valentía do corpo a corpo. A celebración dunha Galicia intemporal e máxica.

8 de novembro. “O MELLOR DOS CATRO ELEMENTOS” de Pepe Vaamonde Grupo.

Música.

Duración: 75 minutos

20.30 horas

Número de compoñentes do espectáculo: 6

Tras dezaioito anos de existencia, a banda *Pepe Vaamonde Grupo* quere festexar a súa maioría de idade ofrecendo un **espectáculo en directo** para esta tempada, composto polos mellores temas dos seus catro traballos discográficos. Cancións tradicionais e pezas instrumentais de composición propia que superaron o filtro do público ao longo de todos estes anos. Así, **O Mellor dos Catro Elementos** convértese nun espectáculo de grande forza e orixinalidade contrastada en máis dun cento de escenarios, garantindo un concerto inesquecible para os amantes deste estilo musical e público en xeral.

12 de novembro. “ELECTRA” de Teatro do Chapitô.

Recomendado para maiores de 12 anos

Duración: 60 minutos

20.30 horas

Dirección**José Carlos García & Cláudia Novoa****Elenco artístico****Jorge Cruz, Nádia Santos e Tiago Viegas**

Despois de Edipo, a Compañía do Chapitô atreveuse con outro título complexo (que non complicado) dentro da traxedia grega: Electra.

Na Atenas do rei Agamenón convócase unha guerra para liberar a fermosa Helena das poutas do seu secuestrador (ou non, que hai quen di que se foi con Paris encantada da vida).

Ao non ter vento favorable para os seus barcos, Agamenón sacrifica a súa filla Ifigenia por indicación dos profetas. Este feito desencadea que Clitemnestra trame a súa vinganza xunto con Existo, o seu amante e curmán do rei.

Tras dez anos de guerra, ao volver de Troia, Agamenón é asasinado e Electra, a filla preferida do pai, polo que sente devoción, consumará a vinganza coa axuda do seu irmán Orestes, matando a súa propia nai e ao tío. E todo este baño de sangue familiar cóntase ao estilo propio e inconfundible desta compañía: en clave de comedia desternillante.

13 de novembro. “AS VACACIÓNS MÁIS LONGAS” de Diego M. Buceta.

Danza contemporánea.

Duración: 50 minutos

20.30 horas

Dirección e elenco artístico

Diego M. Buceta

Iluminación

Laura Iturralde

Igual que Allen soñaba con Rockland e cunha longa viaxe por mar ata a porta da súa casa de campo na noite de Occidente, eu soño con chegar despois dunha longa travesía ata esa paisaxe rochosa onde xa non soa máis que o zoar do vento. Un saco de ósos que vaga arrastrado coma un cadáver vivo e busca elevarse ata desaparecer, mesturándose co po e as estrelas.

E así deixar de ser algo. E así ser felizmente parte de todo.

15 de novembro. “MAI MAI” de Baobab Teatro.

Teatro familiar. Recomendada público infantil a partir de 5 anos.

Duración: 55 minutos

18.30 horas

Dirección

Andrea Bayer e Óscar Ferreira

Elenco artístico

Xosé Manuel Esperante, Atenea Fernández e Daniel Abalo.

"Mai Mai" é a historia do último Oso Panda do planeta e a súa loita por sobrevivir. A falta de comida e os problemas ocasionados polo quecemento global fan difícil a supervivencia desta especie. Unha muller emprendedora e moi revolucionaria e un famoso fotógrafo comezan unha viaxe por separado para atopar o último Panda do planeta, toda unha aventura na que se atoparán unha chea de problemas que solventar....

Unha historia tenra e moi divertida onde se mestura o amor, a cobiza, o éxito e a concienciación medioambiental. Unha historia que fala de revolución, que plasma o apoderamento da muller e nos fará meditar sobre o que estamos a facer co noso planeta.

19 de novembro. “SÓ” de Xampatito Pato.

Teatro familiar

Duración: 50 minutos

18.30 horas

Dirección

Arturo Cobas e Jesús Velasco

Elenco artístico

Jesús Velasco Otero

Un personaxe obsesivo, cuadrulado e meticuloso. Un ser único na súa especie rodeado dun sen fin de caixas que escapan ao seu control e coas que xoga para dar forma ao seu mundo. Do caos xorde un universo delirante onde inventa a risa, creando unha loucura cómica e transformándose nun novo ser cunha nova figura.

22 de novembro. “FURIA NECESARIA” de AldaoLado.

Duración: 75 minutos

20.30 horas

Elenco artístico

Lucía Aldao e María Lado

Vivimos tempos difíciles, continuamente estamos expostas a situacións que nos indignan, que claman pola nosa rebeldía e que nos dan ansias para saír á rúa a berrar ben alto a nosa rabia. Pero resulta que nestes días complexos que nos tocaron, non hai nin sequera sitio para o malestar: hai que xurar con coidado, manifestarse con condicións, facer as folgas xustas... Semella que vivimos na terra do osos amorosos, e que unha xa non se pode nin cabrear. Esta situación é a gota que colmou o vaso da paciencia de Aldaolado, que acaban de decartase do necesario que é facer un espectáculo poético sobre a indignación, o enfado, a ira, o cabreo e a mala hostia. Un espectáculo no que poder expoñer a gusto todas aquelas cousas que as enfadan, os seus pequenos e grandes odios, que son, en gran medida, os de moitas de nós. As poetas son sempre vistas como eses seres riquiños, de infinita tenrura, que só saben falar de amor -ou desamor-, pero cunha candidez propia dunha beata en proceso de canonización. Lucía Aldao e María Lado xa están fartas de cargar con esa imaxe de santiñas. Queren ter o dereito ao enfado que o riquiñismo lles nega. Queren ter un sitio onde dar renda solta ao seu malestar. Así nace **Furia Necesaria**, unha proposta que combina lirismo e rebeldía a partes iguais, unha crítica construtiva feita dende a ironía e a retransca que as caracteriza.

As poetas Lucía Aldao e María Lado levan xa unha longa traxectoria como escritoras e creadoras de diversos espectáculos escénicos nos que a poesía, a música en directo e o humor son a base. Nesta liña presentan **Furia Necesaria**, un título que se opón a esa imaxe de amor e tenrura da que tanto se abusa no xénero lírico, e que as poetas toman da obra de Lois Pereiro, de quen aprenderon que a rabia tamén pode dar bos versos.

26 de novembro. “SOFÍA E AS POSTSOCRÁTICAS” de Inversa Teatro.

Duración: 60 minutos

20.30 horas

Dirección

Marta Pérez

Elenco artístico

Silvia Penas, María Roja e Marta Pérez

Sofía e as Postsocráticas é unha obra que versa sobre a violencia machista, afondando nas causas da estrutura do maltrato. A partir de tres personaxes en escena: Sócrates, Platón e Aristóteles (interpretados por mulleres) trataremos de buscar un novo *logos*, é dicir, un novo patrón interpretativo da realidade no que poidamos facer o cálculo do que é ou o que non é violencia machista. Xunto coas personaxes e mediante o emprego de máscaras, a dramaturxia conta tamén con potentes elementos audiovisuais e sonoros que axudarán na reflexión de cal é a nosa responsabilidade como sociedade ante o machismo e a desigualdade. O pacto patriarcal, o silencio como resposta, o victim blaming (culpabilizar á vítima), a negación ou o síndrome espectador son os fíos argumentais polos que transitan as nosas personaxes.

29 de novembro. “CRÓNICAS DO PARAÍSO” de Sarabela teatro.

Duración: 70 minutos

20.30 horas

Dirección

Gonçalo Guerreiro

Elenco artístico

Fernando Dacosta, Elena Seijo, Fran Lareu, Sabela Gago e Fina Calleja

"..., e porque vexo nos vosos ollos, señor Sochantre, tanta sorpresa como medo, quero aseguravos de que toda esta compañía, aínda que sexa de réprobos, pantasmas, aforcados e sombras, é un batallón de xente pacífica."

Unha carroza cargada de maletas, que está a acubillar a misteriosos pasaxeiros, consegue poñerse en marcha e lánzase polos camiños dunha Bretaña imaxinaria. A cuadrilla leva da man, na súa danza, a un sochantre asustado. Queren que toque para as exequias do señor De Quelven. Todos se ilusionan coas melodías do seu bombardino pois, por un espazo breve de tempo, as notas arrincan aos espectros da súa condición.

Pero, que ocorrerá á noite? Que ocorrerá cando se durma o sochantre?

Nestas historias mil e mil veces repetidas xúntanse lendas célticas dos reinos de Bretaña e Galicia e traxedias universais.

Un universo viaxeiro poboado por bandidos, armas, diñeiro e sangue pero non hai mortes nin ninguén morre, quizais porque estean todos mortos ou porque o verdadeiro bandido siga eternamente vivo. O poder do diñeiro, a luxuria, a gula, os negocios escuros colocan aos personaxes en situacións irónicas entre a vida e a morte onde a eternidade acaba por afirmarse como o máis duro castigo xudicial.

"E tampouco vos dixemos que nós, estando mortos, non podemos acender lume en fogar nin entrar na casa onde estea aceso, nin comer pan de trigo, nin cousa ningunha que leve sal ou aceite, nin beber viño. Pero agora mesmo imos cara ás ruínas do mosteiro de Saint-Efflam

a Terre, e Mampers ten alí, na que foi cociña dos frades, unha pipa de cervexa dobre de marzo e un xamón adobado con pementa que enviamos a asar...”

3 de decembro. “CARABELA” de Galeatro

Duración: 50 minutos

18.30 horas

Dirección

Davide González

Elenco artístico

Alba Bermúdez e Tone Martínez

Carabela, cociñeira dun barco, naufraga na Illa Pequena de Plástico. Está soa, rodeada de peixes mutantes que lle advirten que son tóxicos, de paxaros que non paran de queixarse por ter comido substancias sintéticas e de verteduras que non alimentan. Para aliviar a tristeza, Carabela constrúe unha nena de plástico á que lle conta historias de como é o mundo fóra da Illa Pequena. O corazón a pilas da Nena de Plástico comeza a latexar con forza para coñecer o que hai máis alá dos peixes mutantes e dos paxaros choromicas e, sobre todo, para axudar a Carabela a saír da illa antes de que morra de fame.

10 de decembro. “BERNARDA VILALBA 1975” de Malasombra Teatro.

Duración: 75 minutos

20.30 horas

Dirección

José Prieto

Elenco artístico

Luisa Merelas, Celia González e Esther Aja.

“BERNARDA” é unha historia próxima, comprensible e universal. Todos coñecemos no noso contorno a alguén como Bernarda e todos temos un pouco de Bernarda no noso interior, porque ese choque xeracional entre pais e fillos é unha

constante universal e dependendo de que lado esteamos vemos a realidade de forma totalmente diferente. Cando somos fillos queremos rachar coas normas que nos impoñen e cando somos pais vémonos na obriga de ser nós os que as impoñamos, polo seu ben, e ese choque entre xeracións que conviven na mesma casa é inevitable.

Este choque xeracional, que como na vida mesma tamén ocorre en “BERNARDA”, **por veces fainos chorar**, porque ás veces as situacións vólvense tensas e duras, e **por veces fainos rir**, porque igual que na vida, ata nas situacións máis extremas xorde a risa como unha necesidade de desafogo e de liberación. Isto é o que en “BERNARDA” demos en chamarlle **humor de tanatorio** ou **risa de funeral**, que tamén é unha constante durante todo o espectáculo.

Bernarda é unha muller dura e loitadora, produto da vida que lle tocou vivir, cunha infancia dura de posguerra que a forxou nuns principios ríxidos e inamovibles. Ao morrer o marido ten que asumir o papel de pai e de nai, e educa as súas fillas como mellor sabe, como aprendeu, e todo o que fai non o fai por mal, todo o contrario, faino porque pensa que é o mellor para elas. As fillas, en cambio, non o ven así, aínda que como tamén entre elas son diferentes, discuten moitas veces sobre se no fondo **Bernarda é pobriña ou é mala**.

Bernarda, ó quedar viúva, tenta que todo siga sendo igual que sempre, como foi toda a súa vida, e que as “malas” influencias dunha sociedade en proceso de transformación non cheguen ás súas fillas nin a ela mesma. **Bernarda non entende a música yeyé, nin as minisaias, nin os guateques**, nin ningunha das novas modas da xuventude da época, e a súa intención é moi clara: “Mentres eu viva, nesta casa non vai cambiar nada e as cousas vanse facer como se teñen que facer.” O público presente coñecerá se chega a conseguilo ou non.

IMPORTE DAS ENTRADAS:

Obras para público adulto:

5 €. Desconto do 30 % para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG.

Espectáculos para público familiar:

3 €.

FORMA DE ADQUISICIÓN:

ENTRADAS: A través do portal web entradaslugo.es e na Oficina de Turismo ata 3 horas antes do comezo de cada función; e no auditorio, o día da función, desde unha hora e media antes do comezo do espectáculo.

* As persoas que adquiren entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

IMPORTANTE: NON SE PERMITIRÁ O ACCESO Á SALA UNHA VEZ COMEZADA A FUNCIÓN, NIN CON COMIDA E BEBIDA.

PROHÍBESE A TOMA DE FOTOGRAFÍAS E GRAVACIÓN DO ESPECTÁCULO, TANTO NO QUE SE REFIRE A SON COMA A IMAXE, A EXCEPCIÓN DOS MEDIOS GRÁFICOS PREVIAMENTE AUTORIZADOS.



- Rede Galega de Teatros e Auditorios
- Galicia
- Xacobeo 2021
- Agadic
- Xunta de Galicia



+ info

010 ou desde fóra de Lugo, 982 297350

www.lugo.gal

RR.SS. Concello

